

Instrucións para a matrícula online

1. Acceder a CentrosNet e confirmar os horarios asignados (agrupacións e colectivas e conxuntos).
2. Consultar os [horarios](#) do curso correspondente. No formulario de matrícula deberás solicitar as túas preferencias.
3. Facer o pagamento da matrícula, se é o caso, e ter a man todos os documentos que se deberán achegar ao formulario de matrícula.
4. Entrar na web do centro, www.conservatoriosantiago.gal e premer no enlace [Formularios Online](#) ou [Matrícula online](#).
5. Cumprimentar o formulario do curso correspondente. Si se cursa dobre especialidade, deberase cumprimentar un formulario para cada unha delas.
6. Indicar a elección de preferencia horaria, por orden de maior a menor interese, deberanse indicar todas as opcións posibles.
7. O alumnado de 6º GP que non se matricule do curso completo, deberá indicar as materias nas que se matricula.
8. O alumnado novo no centro e o que solicite cambio de profesor, pode consultar o [organigrama](#) do centro.
9. Outro datos de interese:
 - En aplicación do [plan de atención á diversidade](#) do centro, indicar si se considera que se debería ter asignación preferente no horario (si o alumnado é de novo acceso deberá achegar a xustificación documental)
 - Si hai tres ou máis membros da unidade familiar estudando no Centro, indicar o nome completo, curso e especialidade de cada un deles.

- Situación familiar. Indicar calquera situación familiar especial que poda afectar á configuración do horario ou que se deba comunicar ao Centro. Requirirase xustificación documental.
- Solicitaches bolsa de estudos? (só para grao profesional), se é así marca a opción. (Achegar o xustificante da solicitude de bolsa). O pago quedará pendente ata a resolución da concesión, que se deberá comunicar ao centro, no caso de denegarse deberase aboar as taxas de matrícula do curso.
- Solicitas o fraccionamento de pago da matrícula? Nese caso o segundo prazo farase obrigatoriamente por domiciliación bancaria. (Achegar un certificado de domiciliación bancaria no caso de solicitalo por primeira vez ou por cambio de domiciliación bancaria). Só poderán ser fraccionadas as contías referidas ao concepto de matrícula.
- Si tes dereito a algunha bonificación ou exención no pago da matrícula indica de que tipo.
- Estás interesado en formar parte da ANPA do centro? En caso afirmativo premer no enlace e enche o formulario de inscrición.
- Observacións (si hai algo máis de interese que comunicar ao Centro)

10. Autorización de imaxe: para poder difundir as actividades e concertos realizados durante o curso, é importante autorizar o uso da imaxe.

11. Achega de documentos:

- Xustificante pago taxas. Consultar as [Instrucións para o pago da matrícula](#). No caso de dobre especialidade só se pagará unha vez os servizos xerais e achegar o xustificante nos dous formularios.
- Documento que acredite a bonificación ou exención de prezos na matrícula. Consulta o documento [Cadro resumo dos prezos públicos](#).

- Certificado da conta bancaria, no caso de solicitar o pago fraccionado.
- Outros documentos. Achega o documento xustificante da situación familiar, de ser o caso, ou calquera documento que consideres necesario.
-

Si o formulario foi cuberto correctamente sairá esta mensaxe:

O formulario foi enviado con éxito. Grazas

Unha vez enviado o formulario recibirás un correo electrónico como xustificante do formulario de matrícula enviado. Deberás conservalo por si se producira algunha incidencia.